



O SECTOR TERCIARIO

As actividades deste sector non permiten obter nin transformar ningún produto. Nestes traballos axúdase a satisfacer as necesidades das persoas.

AS ACTIVIDADES DE SERVIZOS

Servizos son as actividades destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas. Os traballos dos servizos son numerosos e agrúpanse en:

- **Educación.** (Profesores/as)
- **Sanidade.** (Médicos/as e enfermeiros/as)
- **Comercio.** Persoas que atenden e venden produtos en tendas, mercados ou almacéns (dependentes/as, caixeiros/as...).
- **Transportes.** Transportistas que levan mercadorías e persoas dun lugar a outro (camioneiros/as, taxistas, etc.).
- **Turismo.** Inclúe os cociñeiros/as e camareiros/as, recepcionistas dos hoteis...

Existen outros moitos traballos como: **xornalistas, empregados/as de banca, perruqueiros/as, avogados/as...**

O COMERCIO


A actividade de mercar e vender chámase comercio. Os lugares onde os comerciantes venden os seus produtos aos consumidores son os **comercios ou establecementos comerciais**.

OS TRANSPORTES

Os medios de transporte utilizámoslos para desprazarnos ou transportar mercadorías. Estes medios de transporte poden ser:

- **Terrestres:** por estrada con coches, motocicletas, autocares e camións, ou por ferrocarril con trens.
- **Marítimo:** con barcos de pasaxeiros ou de carga.
- **Aéreo:** por medio de avións.

1. Marca cales destas actividades pertencen ao sector terciario.



2. Completa coas seguintes palabras:

servizos

necesidades

sanidade

comercio

A actividade de mercar e vender chámase .

Os son as actividades destinadas a satisfacer as das persoas. Adóitanse agrupar en: educación, transportes, turismo, e comercio.

3. Indica a que tipo de servizo corresponde cada fotografía:





4. Di se as seguintes frases sobre o sector terciario son verdadeiras (V) ou falsas (F):

Son exemplos de traballos do sector da sanidade os profesores/as.

Os cociñeiros/as ou médicos/as forman parte do sector terciario.

A actividade de mercar e vender chámase comercio.

Os transportes forman parte do sector primario.

